

APROBACIÓN PROVISIONAL DO ANTEPROXECTO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA

Título: Anteproxecto de concesión de obra pública do Aparcadoiro do Hospital Gran Montecelo de Pontevedra

Clave: PO/20/152.30.1

ANTECEDENTES

Con data do 27/07/2023 aprobouse o estudo de viabilidade para o desenvolvemento do contrato de concesión do aparcamento do hospital Gran Montecelo (Pontevedra).

Este anteproxecto realízase a efectos de cumprir co establecido no artigo 248 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o cal, en función da complexidade das obras e do grao de definición das súas características, a Administración cesionaria, aprobado o estudo de viabilidade, poderá acordar a redacción do correspondente anteproxecto.

SUPERVISIÓN A EFECTOS DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Unha vez revisado por parte da Área de Deseño de Infraestruturas, da Axencia Galega de Infraestruturas, o contido do anteproxecto presentado, considérase que o dito documento se axusta en contido ao que se considera necesario para dar publicidade as actuacións que se pretenden acometer.

PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL

Como conclusión, propónse a aprobación provisional do anteproxecto referido aos efectos de sometelo a información pública polo prazo dun mes segundo o disposto no apartado 3 do artigo 248 da LCSP; e dos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Carlos Lefler Gullón

Xefe da área de Deseño de infraestruturas

APROBADO PROVISIONALMENTE

Francisco Menéndez Iglesias

Presidente da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

